

**PROCEDIMENTO:** CT404E. Subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241

**ASUNTO:** Resolución de nomeamento da Comisión de Valoración

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

- En data 7 de marzo de 2024, DOG núm. 58, publicouse a Resolución do 7 de marzo de 2024 que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento UE 2021/241, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT404E).
- O artigo 15 desta convocatoria recolle que, para avaliar os proxectos que se presenten a esta convocatoria, se constituirá unha comisión de valoración nomeada pola persoa titular da Dirección Axencia Galega das Industrias Culturais.

#### CONSIDERACIÓNIS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspónelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.
- O artigo 15 das bases da convocatoria para a concesión de subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais establece o seguinte:
  - Que o director da Agadic nomeará as persoas, con asignación de funcións, que formarán parte da comisión de valoración que se constituirán para a avaliación das solicitudes e proxectos presentados. Esta comisión terá a consideración de órgano colexiado e seralle de aplicación a sección 3ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
  - Que a Comisión de Avaliación, de carácter paritario de homes e mulleres, estará constituída por catro persoas: dúas persoas en calidade de profesionais expertas do ámbito das artes escénicas e musicais, das que unha exercerá a presidencia e dúas persoas do cadre de persoal da Agadic, das que unha exercerá a responsabilidade da secretaría da comisión, con voz pero sen voto.
  - Que a condición de membro da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. As persoas que formen parte da comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas





XUNTA  
DE GALICIA



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE CULTURA



Plan de  
Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia

xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria e absteranse se se dan algunha das circunstancias do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En base ao exposto

RESOLVO

Nomear a comisión de valoración deste procedemento, que segundo o artigo 15 das bases que rexen a convocatoria terá a seguinte composición:

José Víctor Carou Fernández, como experto en artes escénicas e musicais, en calidade de Presidente

Cecilia Carballido Couceiro, como experta en artes escénicas e musicais, en calidade de vogal

María Paredes Rodríguez, en representación da Agadic, en calidade de vogal

Xiana Raposo Díaz, en representación da Agadic, en calidade de secretaria

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

